



IX Festival de Bandas 2014

**Domingo 11
de maio
ás 18:00 h**

AUDITORIO
GABRIEL GARCÍA
MÁRQUEZ
Mera (Oleiros)



Concello de Oleiros
Concellería de Ensino e Xuventude

Programa:

Banda de Música Isabel II de Touro

1. LA RODANA

Ferrer Ferran

2. DICHTER UND BAUER

Franz von Suppé - Arr. Tohru Takahashi

3. MONTE SERRAT

Ferrer Ferran

4. VALS DA BALOUTA

X. L. Represas

Director: José Lodeiro Gesto

Banda da Escola de Música Municipal de Oleiros

1. SANTANDER

E. Rosillo

2. POLOVSTIAN DANCES DA ÓPERA PRINCIPE IGOR

A. Borodin

3. DUTCH MASTERS SUITE

Johan de Meij

Director: Alberto Piñeiro Leiva

BANDA ESCOLA DE MÚSICA “ISABEL II” DE TOURO

A Escola de Música de Touro naceu no ano 1999 froito da iniciativa do Concello de Touro e de D. José Lodeiro Gesto que asumiu a responsabilidade de por en marcha dita Escola.

Froito deste traballo o 26 de maio do 2002 nace a Banda Escola de Música “Isabel II” de Touro, baixo a batuta de D. José Lodeiro Gesto.

Dende entón a Banda participa en actuacións por toda a xeografía galega, e dende o ano 2003 encárgase de organizar, anualmente, Certames de Bandas en Touro nos cales teñen participado algunhas das bandas máis destacadas da nosa comunidade.

Participación en diferentes Certames de Bandas e intercambio de directores, que se levou a cabo no ano

BANDA DA ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA DE OLEIROS (BEMMO)

A Banda da Escola Municipal de Música de Oleiros (BEMMO) nace dentro do seo da Escola no ano 2001, no segundo curso de funcionamento da mesma, baixo a dirección de Juan Bernat e dado o carácter pedagóxico desta agrupación ofrece os seus primeiros concertos dentro das programacións da propia Escola, participando nos concertos de nadal, primavera e clausura, do curso 2001 - 2002.

En Setembro de 2002 faise cargo da dirección Alberto Piñeiro Leiva realizando a súa primeira actuación en Ribadeo, en maio do 2003.

Dende este ano ven realizando intercambios con Bandas de Música de concellos como Ribadulla, Sada, Sanxenxo, Betanzos, Silleda, Sarria, Narón, Sanxenxo, Merza, Abegondo, entre outras.

No 2005 actúa na inauguración do Auditorio Gabriel García Márquez de Mera, e dende entón a BEMMO está presente

2005, onde se intercambiaron os directores da Banda Escola de Música “Isabel II” de Touro coa Banda de Música Municipal de El Paso (La Palma- Santa Cruz de Tenerife). Así como no programa “Luar” da Televisión de Galicia.

O 5 de xuño de 2005 preséntase a Banda Xuvenil, dirixida por D. Manuel Piñeiro López, profesor de Saxofón e subdirector da Banda Escola de Música “Isabel II”.

Actualmente a Banda Escola de Música “Isabel II” de Touro conta cun total de 45 músicos, moitos dos cales son alumnos da escola, e un total de 8 profesores que se encargan de impartir as diferentes materias, tanto a nivel musical como instrumental.

Dende o 1 de Maio do ano 2008 ata mediados de 2009, a batuta desta agrupación pasou a mans de D. Alberto Penas Esperante, profesor de Clarinete volvendo a collela posteriormente D. José Lodeiro Gesto, profesor de trombón e actual director da agrupación.

ano tras ano, en importantes actos sociais e culturais promovidos polo Concello de Oleiros.

No ano 2006 participa no 1º Festival de Bandas de Oleiros, festival que se vén repetindo ininterrompidamente. Tamén realiza programas con agrupacións vocais como a Coral Polifónica Follas Novas no 2007 e na Xuntanza de Corais do Primeiro Encontro de Música das Letras Galegas, que se repetiu no ano 2008.

En 2009 participa por primeira vez no III Certame Galego de Bandas de Música acadando o Primeiro Premio dentro da Sección Segunda.

En xullo de 2011, con motivo do X aniversario da BEMMO foi dirixida polo prestixioso mestre José Rafael Pascual Vilaplana, como director convidado.

Dende xuño de 2012 é unha das bandas convidadas pola organización das “Hogueras de San Juan” de A Coruña para participar no seu ciclo “Música na rúa” compartindo programa con bandas como a Banda Municipal de Coruña, a Banda militar ou Banda do Conservatorio Superior de A Coruña.



Concello de Oleiros
Concellería de Ensino e Xuventude